

Estimadas familias:

Para normalizar o máximo posible esta situación tan excepcional que estamos a vivir, quero darvos algunhas recomendacións que podedes levar a cabo, no día a día, cos vosos fillos e fillas.

- Establecer certa rutina, cun horario flexible
- Durante as mañás, podedes aproveitar para traballar con eles, posto que xa era o horario no que viñan ao centro e deixar as tardes para xogos e outras actividades familiares. Non se trata de que pasen toda a mañá facendo estas actividades, lembrede que no cole, combinamos momentos de traballo con momentos de xogos libres , rutinas de aprendizaxe, recreo, merenda....; por iso, e para continuar un pouco co traballo da aula, propóñovos:
 - Traballar o paso de tempo a través do calendario:
 - que día tanto da semana coma do mes é, se temos calendario en papel, pódese tachar o día e contar ata o día que é hoxe
 - poden debuxar no calendario o tempo que vai cada día: sol, nublado, chuvia....
 - Ler contos, deixando que eles sexan partícipes (debuxar o que máis lle gustou, falar e respostar preguntas sobre o mesmo, inventar finais diferentes, escribir algunha palabra representativa, recoñecer letras do título)
 - Lectoescritura:
 - buscar letras en revistas, contos, carteis, etiquetas de roupa...
 - traballar co seu nome e o dos seus familiares, amigos, persoaxes favoritos de debuxos animados (en **maiúsculas**), analizando como “fala” cada letra, cantas letras ten e cantas palmadas (sílabas).
 - xogos que facemos na asemblea como contar as letras que ten o seu nome, de familiares ou obxectos, escribilas, palmeamos para ver as súas sílabas, facemos caligramas con nomes e buscamos palabras que empecen ou conteñan esas letras; tamén podedes

buscar esas palabras as vogais e despois escribir palabras que empecen ou conteñan esas vogais....

(os nenos e nenas, teñen estas rutinas moi interiorizadas, así que preguntándolle a eles/as xa vos van a “explicar” o que facer”)

- Lóxico-matemática:

- contar obxectos habituais (froitas, xoguetes, camisetas...),
- ver números en etiquetas, números de teléfono, datas de caducidade.....
- realizar series con distintos elementos (exemplo: con ceras ou pinturas que todos tedes na casa que as coloquen facendo a serie cera vermella- azul-amarela; ou nunha folla a serie debuxando un triángulo-círculo-rectángulo.....etc)
- conxuntos que permitan asociar número con cantidade, tamén clasificacións de obxectos (ben sexa por criterio de cor, de tamaño..)
- xogos con formas xeométricas: debuxalas e recortalas, debuxar obxectos con diferentes figuras, se tedes construcións na casa, buscar esas figuras e que xoguen con elas.....
- serie numérica do 1 ao 10
- Se tedes dados na casa dalgún xogo, podeades xogar ao bingo de números, nun folio escribir números do 1 ao 6 e ir tachando os números que van saíndo

- Plástica:

- recortar con tesoiras cousas de revistas, facer collages,
- plastilina: xogar libremente con ela, que fagan con plastilina as letras dos seus nomes, de mamá e papá, dos avós.... que fagan números con churritos de plastilina, que fagan comidas... todo o que se vos ocorra (se algúen non ten plastilina , seguro que xa sabedes que na rede hai moitísimas “recetas” de como facela na casa dun xeito moi sinxelo).
- colorear con diferentes materiais, debuxo libre, facer algunha manualidade sinxela...

- Xogos de mesa: quebracabezas, construcións, dominós, bingo, oca...
- Atención e memoria: adiviñas, cancións, o xogo do vexo-vexo...
- Inglés: ver cancións ou debuxos en lingua inglesa. (Pódense atopar en YouTube en canles como *Super Simple* , *tiching*, *oxford on line learning*).ou algún debuxo animado en inglés tipo Peppa Pig.
- Motricidade fina: traballo con pinzas de roupa (colocar tantas pinzas como indique o número que se amosa nunha tarxeta), encher unha bandexa con garbanzos e tratar de collelos cunhas pinzas de xeo, enroscar e desenroscar tapóns, ensartar macarróns nun cordón de lá a modo de collar, subir e baixar unha cremalleira, así como poñer e quitar botóns...
- Propiciar a súa autonomía facendo que participe nos coidados da casa (tender a roupa, dar de comer aos animais...)

Ademáis, ao longo dos días enviarei enlaces a páxinas de xogos de aprendizaxe máis específicas, aínda que seguro moitos de vos xa o estaredes facendo. En principio non vou enviar ningunha “ficha” posto que é probable que non todo o mundo teña impresora ou ben se quedara sen tinta. Tede en conta tamén que as aprendizaxe en infantil son principalmente manipulativas sendo a ficha o último escalafón.

Espero poder vernos o antes posible, pero mentras tanto, podedes contactar conmigo a través do seguinte correo electrónico: infantilbarral4@gmail.com .

Coidade moito dos nenos e nenas e tamén vos, por suposto.

Moitas grazas pola vosa colaboración. Un saúdo:

Belén